

## Que é a ANPA?

A **Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA)** é una entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivo fundamental o de velar pola educación de calidade nos centros educativos dos seus fillos e representar os intereses dos pais, nais ou titores legais en relación ao centro.

Como calquera asociación sen ánimo de lucro, ten uns estatutos, cobra unha cota a seus socios e dispón dun CIF e unha conta corrente nun banco. Todos os seus datos económicos son públicos.

As **Asociacións de Nais e Pais de Alumnos**, como organización natural dos pais de cada centro, son resultado da preocupación pola educación dos seus fillos e das necesidades de intervir, como parte integrante de la comunidade educativa, nas decisións que afectan ao ensino.

## Que fai a ANPA?

Entre as funcións da ANPA as mais salientables son as seguintes:

- ✚ Asistir os pais e titores en todo aquilo que ten que ver coa educación dos seus fillos.
- ✚ Promover a participación dos pais dos alumnos na xestión do centro.
- ✚ Facilitar a representación e a participación dos pais de alumnos nos Consellos Escolares do centro.
- ✚ Utilizar as instalacións do centro nos termos que estableza con Consello Escolar.
- ✚ Xestionar as actividades extraescolares.
- ✚ Xestionar o servizo de comedor e madrugadores.
- ✚ Organizar as festas para os alumnos
- ✚ Organizar a Excursión de 6º Curso
- ✚ Xestionar as fotos de grupo anuais e as orlas do último curso.
- ✚ Xestionar a participación dos alumn@s en actividades, torneos, mostras, etc. organizadas polo Concello, Federación de Anpas e outras entidades.
- ✚ Xestionar o banco de Uniformes escolares e equipamentos de distintos deportes.

A ANPA ten potestade de:

- ✚ Ter representantes no Consello Escolar do Colexio onde se toman moitas decisións que afectan a educación dos nosos fillos e a organización do centro.
- ✚ Ademais de participar na xestión do colexio a través do Consello, a ANPA colabora e ten interlocución directa coa dirección do colexio e co claustro.
- ✚ Polo anterior, a través da ANPA os padres poden propor suxestións e presentar queixas, tanto sobre temas internos do colexio, como externos (política educativa das administracións, actividades no municipio, etc.).
- ✚ A ANPA xestiona actividades extraescolares que se realizan dentro ou fora do colexio.
- ✚ A ANPA organiza actividades culturais e formativas, excursións, comedor, etc.

### Como se inviste o orzamento do ANPA?

- ✚ Compra de material para a realización de talleres de diversa índole.
- ✚ Subvención de diversas actividades culturais, excursións, realizadas pola
- ✚ Festas: contratación de grupos de animación e material recreativo (inchables, agasallos, etc).
- ✚ Compra de equipamentos para realizar algunha mellora no colexio (ordenadores, cociña, material deportivo... etc.)

### Xunta Directiva 2018/2019

- ✚ **Rocío Rolle Picallo** - Presidenta
- ✚ **Mónica Martínez Vaamonde** – Vicepresidenta
- ✚ **Amalia Blanco Louro** – Tesorera
- ✚ **Elisa Oubiña Yáñez** – Secretaria
- ✚ **Montserrat Mejjide Cortés** – Vocal
- ✚ **Laura Lage Balseiro** – Vocal